



RÉCORDS

· Ningunha folia de papel, por grande que sexa, pode ser dobrada á metade e manualmente máis de sete veces. Parece unha tontería, pero se o intentades na casa, poderedes comprobalo.

· Segundo o último informe de Nacións Unidas, a mediados do S.XXI a poboación mundial alcanzará os 9100 millóns de habitantes, io 40% máis do que somos agora! Ademais, antes do ano 2030, haberá no mundo máis indios que chinos.

· Ao mellor nun futuro podería se posíbel volverse invisíbeis grazas a un enxeñeiro británico e outro estadounidense que descubriron o material que permite converter pequenos obxectos en invisíbeis. Este novidoso produto, crea unha capa sobre o obxecto que impide que a luz se reflecta nel, volvéndoo invisíbel para os nosos ollos.

· A primeira vez que se fixo un Donuts foi nun barco. Puxéronos a secar nun temón e de aí ven o famoso burato.

· A tradición do pobo Nayar, do sur da India, obriga ás mulleres casadas a recibir a visita dos amantes. O que non sabemos e que fan as que non teñen amantes.

¿SABÍAS QUE...?

- Catro ou cinco cuncas de café, calculando entre 65-275 mg de cafeína en cada unha ... daría un resultado positivo nun control antidóping.

- O ollo humano é tan sensible que pode ver unha vela acendida na escuridade... a 1.6 km de distancia.


- Estímase que para o ano 2020 a depresión será a segunda causa, en orde de importancia... de discapacidade no mundo

- A serpente máis longa que se coñece como pitón, habitante de Asia e África chega a medir 8 metros, e aínda que non é velenosa pode chegar a triturar os ósos dun animal mediano enrolándose ao redor do seu corpo.

- O récord de duración nunha montaña rusa sen descansos para comer e ir ao baño é de 22 horas e foi logrado por mexicanos.

- A probabilidade de que che caia un raio é moi pequena? Pois esta probabilidade é de 1 entre 600.000.

- Fabricar papel reciclado aforra ata tres veces máis enerxía que produciilo con pasta de papel.



Leis do Vago

1. Nácese vago e sèrvese para descansar.
2. Ama á túa cama como a ti mesmo.
3. Quen a boa árbore se arrima, boa sesta espéralle.
4. Cando teñas ganas de traballar, senta ata que che pasen.
5. Se ves a alguén descansar, axúdalle.
6. Non fagas ti o que poidan facer os outros.
7. Non fagas hoxe o que poidas facer mañá.
8. De moito descansar ninguén morreu.

